



## Artigo 8. Utilización dos beneficios

Os beneficios obtidos distribuiranse do seguinte xeito:

- Unha parte irá destinada á recuperación do investimento inicial de cada socio cooperativista.
- Unha segunda parte irá destinada a doazón a unha entidade benéfica, preferentemente de ámbito local, que se determinará no seu momento.
- E unha terceira parte irá destinada a unha celebración lúdico-festiva que se determinará no seu momento.

## Artigo 9. Dereitos dos socios

- Utilizar os servizos da cooperativa, sendo destinatarios das finalidades educativas da entidade.
- Participar nas asembleas con voz e con voto.
- Aspirar ao desempeño dos cargos de administración e fiscalización desta cooperativa.
- Propor á asemblea as iniciativas que crean convenientes para o interese da propia sociedade cooperativa.
- Solicitar a convocatoria de asembleas extraordinarias, sempre e cando esta petición supere as 2/3 partes do número de socios.
- Retirarse voluntariamente da cooperativa antes de que remate a duración da mesma, mediante renuncia por escrito á xunta directiva. Esta retirada voluntaria non irá necesariamente acompañada da devolución do investimento inicial.

## Artigo 10. Deberes dos socios

- Cumprir as disposicións deste estatuto e as resolución que, por maioría, se aproben nas asembleas.
- Integrar a cota de investimento inicial que se decida.
- Realizar todas aquelas accións encamiñadas ao éxito da cooperativa.

## Artigo 11. Motivos de expulsión da cooperativa

- Se algún socio ou socia amosa malos modos, falta de interese, falta de colaboración, ou calquera outro motivo que a asemblea considere como prexudicial para o correcto desenvolvemento da mesma, será expulsado/a da cooperativa e perderá o dereito a recuperar o investimento inicial, así como a

participar da actividade lúdico-festiva que se leve a cabo antes da disolución da cooperativa.

Sinatura de todas as socias e socios:

|    |                                 |                |
|----|---------------------------------|----------------|
| 1  | Aballe Peña, Alejandro          | Alejandro      |
| 2  | Afonso Mariño, Rubén            | Rubén          |
| 3  | Aimurie, Nicolás Norcunhin      | N. Nicolás     |
| 4  | Alonso Fernández, Aurora        | Aurora         |
| 5  | Álvarez Álvarez, Sergio         | Sergio         |
| 6  | Bangueses Cabeiras, Aitor       | Aitor          |
| 7  | Baña Méndez, Aida               | Aida           |
| 8  | Cedrón Táboas, Ainoa            | Ainoa          |
| 9  | Domínguez Rocha, Fernando       | Fernando       |
| 10 | Domínguez Rocha, Jennifer       | Jennifer       |
| 11 | Estévez Jorge, Gabriel          | Gabriel        |
| 12 | Fernández Rodríguez, Darío      | Darío          |
| 13 | Fernández Rodríguez, Isaac      | Isaac          |
| 14 | Fraiz Viéitez, Iria             | Iria           |
| 15 | Gómez Álvarez, Anxo             | Anxo           |
| 16 | Gómez Ribeiro, Erica            | Erica          |
| 17 | Mariño Casas, Uxía              | Uxía           |
| 18 | Martínez García, Marta          | Marta          |
| 19 | Pereira Rodríguez, Óscar        | Óscar          |
| 20 | Rodrigues Dacasa, Juan Luís     | Juan Luis R.D. |
| 21 | Rodríguez González, Juan Carlos | Juan Carlos    |
| 22 | Rodríguez Lorenzo, Nuria        | Nuria          |